

Retrato dun marqués: José Riestra López, Primeiro Marqués de Riestra.

O 26 de xuño de 1888¹, as rúas de Pontevedra foron iluminadas por primeira vez con luces eléctricas, converténdose deste xeito na primeira cidade galega en contar con este novo sistema de iluminación, e unha das primeiras de toda España, por diante de cidades como Madrid ou Barcelona.

Esta importante revolución tecnolóxica foi posible grazas á iniciativa do personaxe cuxo retrato centra estas liñas, José María Miguel Riestra López², I Marqués de Riestra, quen en 1887 mercou ao enxeñeiro Victoriano Alvargonzález unha patente de invención por vinte anos para dotar a Pontevedra dun sistema de alumbeado público eléctrico³.



**Retrato do Marqués de Riestra
publicado en *Revista Ilustrada de Banca,
Ferrocarriles, Industria y Seguros*.**

¹ Facal Rodríguez, María Jesús e Carmona Badía, Xoán: “José Riestra López, Marqués de Riestra”. En: *Empresarios de Galicia. Vol. 2*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña. 2009. (p. 262). *Centenario de la instalación del alumbrado eléctrico en Pontevedra. 1888-1988*. Pontevedra, Concello de Pontevedra- Unión Eléctrica Fenosa, 1988. [Catálogo da exposición celebrada do 30 de abril ao 10 de maio no Museo de Pontevedra].

² Lindoso Tato, Elvira y Vilar Rodríguez, Margarita: “El pulso empresarial entre el norte y el sur de Galicia: El caso de Pastor y Riestra (1776-1936)”. En: *Historia Contemporánea*. Nº 45. 2012 (p. 685).

³ *Ibidem*. (p. 262).

O centro neurálxico desta iniciativa, ou o que é o mesmo, o lugar no que se instalou a central de vapor que xeraba esta nova iluminación, foi a que hoxe coñecemos como *Casa da luz*⁴, na praza de Indalecio Armesto, popularmente praza da Verdura.

Pero, ¿quen foi José Riestra López? Sería moi extenso expoñer aquí toda a biografía do noso protagonista, polo que faremos un breve resumen da súa traxectoria vital que nos servirá para coñecelo un pouco y axudaranos a comprender mellor o retrato que del fixo en 1899 o pintor pontevedrés Benigno López Sanmartín.

O 8 de setembro de 1852, nacíu en Pontevedra José Riestra López, fillo de Francisco Antonio Riestra Vallaure e de Micaela López Fernández. Seu pai era un empresario e político de orixe asturiano chegado a Pontevedra en 1845, mentres que a súa nai era filla dun importante comerciante de panos nacido en Sarria e residente en Pontevedra.

Foi, polo tanto, Francisco Antonio Riestra Vallaure o iniciador desta saga familiar en Pontevedra, e quen á súa chegada a esta cidade comezou a emprender numerosos negocios de todo tipo, e entre outros, fundou a Banca Riestra, cuxa actividade perdurou ata o 19 de xullo de 1932, cando foi absorbida polo Banco Pastor⁵.

En 1874, á idade de 22 anos, José Riestra López comezou a traballar na Banca Riestra, e trala morte do seu pai, o 17 de decembro de 1880, el e o seu irmán Francisco puxéronse á fronte de todos os negocios familiares, os cales foron ampliando e mellorando, situándose José ao fronte da actividade bancaria. Ademais, os dous irmáns continuaron tamén a carreira política exercida polo seu pai, tanto no Congreso dos Deputados como no Senado.

Ao mesmo tempo, os terreos que Francisco Antonio Riestra Vallaure mercara na Caeira, e nos que construíra a residencia familiar, acabaron converténdose nun importante e destacado foco da política nacional xunto co Palacio de Lourizán de Montero Ríos.

José Riestra casou con Mencía Pintos, quedando viúvo moi pronto, e deste matrimonio naceu Fernando Riestra Pintos, quen faleceu aos 11 anos⁶.

En 1882 José casou en segundas nupcias con María Calderón Ozores, e deste matrimonio naceron sete descendentes, seis homes (Raimundo, Vicente, Francisco, Santiago, José Luis, e Ignacio) e unha muller (María del Carmen).

José Riestra non só foi o promotor da Sociedad de Alumbrado Eléctrico de Pontevedra⁷, senón que materializou outras moitas empresas. Unha delas, a Fábrica de

⁴ Esta edificación foi reformada en varias ocasións co fin de adaptala aos distintos usos que tivo con posterioridade. Entre eles compre destacar os dous últimos, Comisaría da Policía Local de Pontevedra e, actualmente, Oficina municipal de Turismo.

⁵ L. Torre, Rafael: "Barrié absorbió a Riestra". En: *Faro de Vigo* (30-1-2011).

⁶ <http://www.xenealoxia.org/linaxes/galicia/1038-riestra-marqueses-de>

cerámica *La Caeyra*, que comezou a súa actividade en 1895, situada xunto á ponte do tren, e cuxa produción consistiu fundamentalmente na fabricación de ladrillos e tellas.

Outra importante iniciativa de modernización emprendida por José Riestra foi a da construción do tranvía a vapor que uniu Pontevedra con Marín, aínda que posiblemente a iniciativa que maiores dores de cabeza puido darlle a José Riestra fose a construción do complexo termal de A Toxa. A explotación destas augas xa se desenvolvía desde 1841⁸, pero a partir de finais do século XIX José Riestra loitou decididamente na creación dun gran complexo termal que competise cos principais centros existentes noutros lugares da provincia como Mondariz ou Caldas de Reis, dous grandes referentes neses anos do mundo termal.

O seu propósito era construír o Gran Hotel Balneario de A Toxa e convertelo no maior referente turístico, querendo contar incluso coa presenza do rei Alfonso XIII, razón pola que mercou a illa de Cortegada co fin de doala ao monarca para que construíse nela un palacio para as vacacións estivais. Pero ademais, en A Toxa instalou unha fábrica de sales de baño e xabóns, cuxos produtos se vendían en Inglaterra ou Arxentina⁹.

Xunto á súa faceta empresarial, José Riestra tamén participou activamente na vida política do momento. En 1879 foi elixido por primeira vez deputado ás Cortes polo distrito da Estrada, sucedendo ao seu pai, cargo que repetiu nas eleccións de 1881 e 1886¹⁰. Posteriormente, nas eleccións de 1891, pasou a formar parte do Senado, conservando a súa acta ata 1899, xa que en 1900 foi nomeado Senador vitalicio¹¹.

Pero hai outra faceta que é preciso destacar na vida de José Riestra López, e esa é o labor filantrópico e humanitario. Entre outros compre citar a utilización do Palacio da Caeira como Hospital para tratar aos feridos da guerra de Cuba, o que supuxo para as arcas do marqués un desembolso de 200.000 pesetas¹².

Cuestións como esta fixérono merecedor de numerosos recoñecementos e distincións, dos que, sen dúbida, o máis importante foi o seu nomeamento como Marqués de Riestra, outorgado por Real Decreto de 4 de febreiro de 1893¹³.

Outras distincións que recibiu foron a Cruz e a Gran Cruz do Mérito Militar con distintivo branco, a Gran Placa da Cruz Vermella¹⁴ ou o recoñecemento que lle brindou

⁷ Lindoso Tato, Elvira y Vilar Rodríguez, Margarita: "El pulso empresarial entre el norte y el sur de Galicia: El caso de Pastor y Riestra (1776-1936)". En: *Historia Contemporánea*. Nº 45. 2012 (p. 689).

⁸ Facal Rodríguez, María Jesús y Carmona Badía, Xoan: "José Riestra López, Marqués de Riestra". En: *Empresarios de Galicia*. Vol. 2. Fundación Caixa Galicia. A Coruña. 2009. (p. 271).

⁹ Ibidem. (p. 274).

¹⁰ www.congreso.es

¹¹ www.senado.es

¹² *Revista Ilustrada de Banca, Ferrocarriles, Industria y Seguros*. 10 de mayo de 1911 (p. 226).

¹³ <http://www.blasoneshispanos.com/Heraldica/HeraldicaGentilicia/Armoriales/RR/Riestra.htm>

¹⁴ Lindoso Tato, Elvira y Vilar Rodríguez, Margarita: "El pulso empresarial entre el norte y el sur de Galicia: El caso de Pastor y Riestra (1776-1936)". En: *Historia Contemporánea*. Nº 45. 2012 (p. 688).

a Deputación de Pontevedra ao nomealo Benfeitor da Provincia, motivo polo que a Corporación Provincial mandou gravar o seu nome nunha placa de mármore que se colocou no Salón de Plenos¹⁵, ademais do encargo en 1898, por parte da Deputación de Pontevedra, ao pintor pontevedrés Benigno López Sanmartín dun retrato deste personaxe para instalalo no Salón de plenos, obra que o artista asinou no ano 1899 e entregou en 1900¹⁶.



Benigno López Sanmartín
Retrato do Marqués de Riestra. 1899
 Óleo/lenzo
 Museo de Pontevedra

Este é o retrato que se expón no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, e nel vemos ao Marqués de Riestra pousando xunto a unha cadeira sobre un fondo neutro, que lembra ás cortinas dos estudos fotográficos da época, na que predominan as cores verdes e azuis.

¹⁵ *Revista Ilustrada de Banca, Ferrocarriles, Industria y Seguros*. 10 de mayo de 1911 (p. 226).

¹⁶ Tilve Jar, María Ángeles: "Pontevedra e a arte galega da fin de século" en *Pontevedra 1898. Sociedade, arte e cultura. Fondos do Museo de Pontevedra*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1898 (p.93)
 San Ildefonso Rodríguez, Beatriz de: "Biografías dos artistas pensionados pola Deputación Provincial de Pontevedra 1864-1933. En: *Os pensionados da Deputación de Pontevedra 1864-1933*. Museo de Pontevedra. 2003. (p. 265).

Na parte superior dereita do cadro, sitúase o escudo heráldico dos Riestra, un escudo cuartelado en cruz, timbrado coa coroa de marqués, amosando no seu primeiro cuartel, o superior esquerdo, as armas do apelido Riestra, aínda que cun erro na súa representación. Así, a descrición heráldica deste apelido sería: en campo de azur¹⁷, un castelo de ouro¹⁸, e saíndo do seu homenaxe, un brazo armado, de prata¹⁹, cunha espada do mesmo metal; a cada lado do castelo, un caldeiro, de ouro. No cadro, a cor azur do fondo é substituída pola cor ouro, o cal supón un grave erro na norma heráldica.



Detalle do escudo do Marqués de Riestra

Neste sentido, na heráldica hai que distinguir dous tipos de cores: os metais (o ouro e a prata) e os esmaltes (azur, gules²⁰, púrpura²¹, sable²², sinople²³), de tal xeito que si o fondo é de metal os obxectos que se sitúan sobre el teñen que ser con esmaltes, ou ao revés. O que nunca se pode facer é empregar un metal para o fondo e outro metal para as pezas, e isto mesmo ocorre tamén cos esmaltes.

¹⁷ Este color se corresponde con el azul.

¹⁸ Correspóndese co amarelo.

¹⁹ Trátase da cor gris.

²⁰ Cor vermella.


²¹ Cor morada.

²² Cor negra.

²³ Cor verde.

O marqués posa en posición de tres cuartos, vestindo un elegante frac de cor negra con camisa y gravata de lazo branca, apoiando o seu brazo dereito sobre o respaldo da cadeira, e sostendo coa man dereita dúas luvas tamén de cor branca.

Por debaixo do chaleco leva a banda branca con lista vermella da que pendura a Cruz do Mérito Militar con distintivo branco, mentres que na chaqueta, aínda que tapada en parte pola solapa, porta a Gran Cruz do Mérito Militar con distintivo branco.



Detalles da Cruz e Gran Cruz do Mérito Militar con distintivo branco e a Gran Placa da Cruz Vermella.

Por debaixo da Gran Cruz leva a Gran Placa da Cruz Vermella, consistente nun escudo branco có emblema da Cruz Vermella, acompañada da inscrición *OB CIVES SERVATOS*²⁴ 1864-1876. Este escudo sitúase sobre unha cruz de Malta cuxos brazos conéctanse por dúas ramas, unha de loureiro e outra de carballo.

Todos os detalles aparecen perfectamente reflectidos no cadro, tanto no que atinxe ao retrato do personaxe como tamén á minuciosidade e ao detalle na representación das medallas, o cal pon de manifesto a calidade de López Sanmartín coma debuxante nunha obra que serviu para honra do primeiro e ata o momento único Benfeitor da Provincia de Pontevedra.

Unha persoa moi querida tanto na súa cidade como fora dela, e como boa proba disto, cando o 17 de xaneiro de 1923 faleceu, aos poucos instantes de darse a coñecer a noticia, o portal da casa familiar na rúa Michelena encheuse de veciños que ían dar as súas mostras de pésame. Ademais, nos funerais celebrados na mañá do día 18 na igrexa de San Bartolomeu, foi preciso abrir as portas da igrexa para poder permitir a participación de máis veciños, e ao seu enterro, celebrado ás tres e media da tarde do día 18, milleiros de persoas acompañaron o sinxelo féretro decorado cun crucifixo de prata e cuberto coas insignias da Confraría de San Rouco e da Asociación Protectora do Obreiro, desde a casa familiar ata o Hospital Provincial, sendo portado o féretro a ombreiros de padioleiros da Cruz Vermella²⁵.

²⁴ Este lema tradúcese por *AO SALVADOR DOS CIDADÁNS*.

²⁵ Diario de Pontevedra (17, 18 y 19 de enero de 1923).



Enterro do Marqués de Riestra
Fotografía de Joaquín Pintos publicada en *Vida Gallega* o 12 de febreiro de 1923

José Luis Ageitos Míguez
Gabinete Didáctico